



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DO EXPTE. DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA-RESTAURANTE DO CENTRO SOCIO-CULTURAL

Nº Expediente: 2023/C004/000001

Con data 22.02.2023 iniciouse polo Alcalde o procedemento de contratación.

Os días 22.02.2023 e 01.03.2023 propuxéronse respectivamente os Pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares que rexerán o presente “Contrato administrativo de servizos de explotación da cafetería-restaurante do Centro Socio-Cultural de Cedeira”.

Con data 03.03.2023 emítase un informe xurídico pola Secretaría do Concello.

Con data 06.03.2023 emítase un informe favorable pola Intervención municipal.

Examinada a documentación citada e de conformidade co establecido no no artigo 117 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **propoño** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 335/2019 de 26.06.2019 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.
2. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento **aberto**, consistente en “**Contrato Administrativo de servizos de explotación da cafetería-restaurante do Centro Socio-Cultural de Cedeira**”.
3. Aprobar os Pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares propostos pola Alcaldía con datas 22.02.2023 e 01.03.2023 respectivamente, que rexerán o presente contrato administrativo de servizos.
4. Publicar un anuncio de licitación na Plataforma de Contratos do Sector Público, expresando que o prazo de presentación de proposicións será de 15 días naturais desde a súa publicación.
5. Dar conta á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde Pablo Diego Moreda Gil, do que eu, Ana Velo Ruiz, como Secretaria, dou fe.